



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO PARA AS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DA PONTE FILLABOA (2ª FASE) EN SALVATERRA DO MIÑO (PONTEVEDRA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co concello de Salvaterra de Miño, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro do 2027, en todo caso, ata a completa finalización das obras e, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e o concello de Salvaterra de Miño para a execución das obras de restauración da Ponte Fillaboa, Salvaterra de Miño, Pontevedra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, declara expresamente que ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.





A presente lei regula no seu título II o réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. No capítulo primeiro do citado título (artigo 33) establécese que *"a Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia"*, sen prexuízo do disposto no artigo 32 da presente lei.

O inmovible denominado Ponte Fillaboa, está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), ao estar recollido no Catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 2018_52338.

Por outro lado, o concello de Salvaterra de Miño como titular dos terreos comprométese a autorizar a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade. Esta intervención está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo "Conservación dos bens do patrimonio cultural emerxentes, do patrimonio etnolóxico e do patrimonio civil"

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,
O director xeral do Patrimonio Cultural
Ángel Miramontes Carballada

